



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Dereito

Curso Académico: 2015/2016

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	5
3. Plan de Melloras do Centro	26
4. Anexo: Informes de seguimento	43

1. Introducción

A Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela é consciente da relevancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir a existencia de programas formativos, tanto de Grao como de Máster, que dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como punto de referencia a política de calidade da Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito comprométese a elaborar a súa política propia de cara a desenvolver os mencionados programas formativos avalados polo selo de calidade, elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos diversos grupos de interese.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Dereito, correspondente ao curso académico 2015/2016, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, aos títulos impartidos no centro e ao Plan de Melloras do Centro (incluíndo as Accións de Mellora programadas a nivel de centro para o curso 2016/2017), así coma os Informes de seguimento das titulacións impartidas no centro (dispoñibles no enlace web facilitado no Anexo). Compre destacar que o pasado ano 2016 a Facultade pasou polos procesos de Renovación da Acreditación dos títulos de Graduado en Dereito e Máster Universitario en Avogacía. Á vista dos informes de renovación da acreditación da ACSUG, ambas titulacións teñen proposto e comezado a executar as accións de mellora de obrigado cumprimento así como as recomendacións para a mellora.

O presente documento foi elaborado polo grupo de traballo nomeado pola Comisión de Docencia e Calidade na súa reunión de 19 de xaneiro de 2016. Dito grupo de traballo integrouse pola Vicedecana de Calidade e Infraestruturas (Marta Otero Crespo – presidenta e ponente), os coordinadores dos Másteres Universitarios da Avogacía (Lotario Vilaboy Lois -vogal), Fiscalidade Internacional e Comunitaria (José Manuel Iglesias Casais – vogal) e de Estudos Internacionais (Rafael García Pérez- vogal) e unha representante do PDI sen vinculación permanente (Natalia Pérez Rivas- secretaria). A súa proposta de Memoria foi presentada e debatida no seo da Comisión de Docencia e Calidade, na súa xuntanza de 3 de marzo de 2017 –

comisión a que pertencen os integrantes do grupo de traballo. Posteriormente, a Memoria foi aprobada pola Xunta de Facultade do centro do día 6 de marzo de 2017.

Polo que se refire a estrutura do Centro, os títulos impartidos no curso académico 2015/2016 foron os seguintes:

- a. O Grao en Dereito (GD)
- b. O Dobre Grao en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos (DGDRLRH)
- c. O Máster Universitario en Avogacía (MUA, nos campus de Santiago e Lugo)
- d. O Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI)
- e. O Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MUFIC).

No caso da Licenciatura en Dereito (plan de estudos do 2003), non se impartiu docencia, limitándose a actividade docente á realización das derradeiras probas de avaliación de Licenciatura.

A documentación de referencia inclúe, ademáis das recollidas no punto 2. **Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade** (Manual do SGIC, Manual de Procesos e Procedementos), a normativa estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela, así coma as Memorias do Grao en Dereito e dos respectivos Másteres Universitarios.

Tal e como se recolle no Manual Simplificado do SGIC (versión 3), a Facultade de Dereito decidiu que a súa Comisión de Calidade teña a mesma composición que a Comisión de Docencia, co engadido dos coordinadores dos másteres universitarios oficiais adscritos á Facultade e do responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.

Na actualidade, e dacordo co disposto no artigo 34 do Regulamento de Réxime interno da Facultade de Dereito, a Comisión está composta polo Decano, que a presidirá, as Vicedecanas de Calidade e Infraestruturas e de Organización Académica (segundo a nova estrutura do equipo decanal, sendo a primeira a Responsable de Calidade do Centro), a secretaria da Facultade (que tamén o é da Comisión), os coordinadores das titulacións oficiais adscritas

(coordinadores dos Másteres oficiais), a persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, así coma unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade (en número de doce e distribuídos do seguinte xeito: catro membros do profesorado con vinculación permanente, dous membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación, cinco estudantes de grao e un estudante de Máster ou doutoramento).

Dita Comisión acordou na súa xuntanza de 13 de febreiro de 2017 crear un Grupo de traballo encargado de elaborar a proposta do texto da presente Memoria de Calidade. Tal e como se expuxo, dito grupo estivo integrado pola Vicedecana de Calidade e Infraestruturas, os coordinadores dos Másteres Universitarios da Avogacía, Fiscalidade Internacional e Comunitaria e de Estudos Internacionais e unha representante do PDI sen vinculación permanente.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 5 de 44

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna de Calidade

Con carácter xeral, o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da Universidade de Santiago de Compostela, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e renovación.

O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión, na que se recolleu unha simplificación e revisión global do sistema. Os documentos que configuran o SGIC marco revisado da USC son o Manual extenso, o Manual Simplificado e o Manual de procesos e procedementos.

A Facultade de Dereito, o noso centro, adaptou o Manual simplificado ás nosas particularidades, sendo aprobado o 23 de marzo de 2015 pola Comisión de Calidade e Planificación da USC.

O “Manual simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito”, así coma o “Manual extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos”, están dispoñibles na páxina web da Facultade de Dereito na pestaña rotulada “Calidade SGIC Dereito” (accesible en <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>).

Precisamente este último, o “Manual de Procesos e Procedementos”, foi modificado en xullo de 2015 (versión 3 aprobada polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015), o que fixo necesaria unha urxente adaptación do Manual do SGIC da Facultade de Dereito. Dita adaptación cristalizou no “Manual simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da

Facultade de Dereito”, versión 3, aprobado o 29 de marzo de 2016 na Xunta de Facultade de Dereito e o 13 de abril de 2016 na CCPdCG.

O curso 2015/2016 como punto de inflexión no SGIC

O curso académico 2015/2016 supuxo un punto de inflexión na política de calidade do Centro, dado que se produciron avances importantes na consolidación do SGIC, tal e como se deixa sentir nos parágrafos anteriores. Ata o de agora, e segundo se desprende das actas das reunións da Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito, os procedementos e procesos asociados establecidos no Manual Simplificado valóranse como axeitados. Malia a este dato positivo, a Comisión de Docencia e Calidade considera tamén que calquera reflexión que poida dar lugar a unha valoración de maior envergadura que conduza a realización de suxerencias de axustes, precisa un maior percorrido temporal. Por isto, estímase idóneo agardar á finalización do curso académico 2016/2017 para contrastar o funcionamento do SGIC con certa perspectiva. Dentro dos fitos reseñables do curso obxecto de análise nesta memoria, está o proceso de renovación da acreditación do Grao en Dereito e do MUA (informes finais de renovación das acreditacións dispoñibles en <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>). Sen dúbida, estes procesos de control por parte da ACSUG visibilizaron a necesidade de continuar consolidando a política de calidade do centro, pero sobre todo, contribuíron a que distintos grupos de interese (tradicionalmente carentes de sensibilidade neste eido e desconectados *de facto* do SGIC) se comprometesen activamente coa consecución de obxectivos de calidade. Nesta liña, e baixo o paraugas do *Proceso de Planificación*, destácanse dúas achegas: a) a constitución do Comité Consultivo do Grao en Dereito e b) a constitución do Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico do Centro.

- a) Constitución do Comité Consultivo do Grao en Dereito: a creación deste Comité foi unha recomendación para a mellora recollida no Informe Final de Renovación da Acreditación do Grao en Dereito. Atendendo a chamada realizada dende o centro, a reunión consitutiva deste Comité tivo lugar en setembro de 2016, pasando a ter a composición que agora se detalla:

1. Gumersindo Guinarte Cabada. Decano da Facultade de Dereito (presidente)

2. Marta Otero Crespo. Vicedecana de Calidade e Infraestruturas da Facultade de Dereito (secretaria)
3. Xosé Antón Sarmiento Méndez. Letrado Maior do Parlamento de Galicia (vogal)
4. Evaristo Nogueira Pol. Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (vogal)
5. José María Graíño Ordóñez. Notario (vogal)
6. Santiago Álvarez González. Subdirector xeral de relacións coa UE. Xunta de Galicia (vogal)
7. María Luisa Prego de Oliver Loper. Xefa de servizo. Servizo de Asistencia Xurídica do Concello de Santiago de Compostela (vogal)
8. Nuria Palmero Sande. Asesora. Valedor do Pobo (vogal)

- b) Constitución do Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico do Centro: malia a que a constitución do grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico tivo lugar no curso académico 2015/2016, non se executou a elaboración do PE debido aos cambios que tiveron lugar nas coordinacións das titulacións impartidas na Facultade (Máster en Estudos Internacionais e Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria), así como pola renovación da categoría do PDI permanente integrante da Comisión de Docencia e Calidade do Centro. A súa primeira xuntanza tivo lugar en xaneiro de 2017 e espérase que o PE se remate no presente ano natural.

Outro proceso fonte de preocupacións para o Centro é o de *Medición, Análise e Mellora*. Ven sendo unha constante, reflectida documentalmente tanto na Memoria de Calidade anterior, como nos informes de seguimento e renovación da acreditación, a escasa participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción. Por este motivo, téñense adoptado de xeito reiterado distintas accións de mellora encamiñadas a vencer a escasa implicación dos estudantes, profesores, egresados e titores de prácticas externas (vid infra).

Os títulos impartidos no centro

No curso 2015/2016 ofertáronse na Facultade 340 prazas de inicio de estudos, repartidas entre

o Grao en Dereito, o Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos e os mestrados en Avogacía, Estudos Internacionais e Fiscalidade Internacional e Comunitaria.

Oferta e perfil de ingreso

O total de prazas ofertadas elevouse en 20 en comparación directa co curso anterior, ao iniciarse o Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos, alcanzado os 340 estudantes.




Gráfico: Prazas ofertadas na Facultade de Dereito.

Téñase en conta que os Máster en Dereito das Administracións e Institucións Públicas e o Máster en Dereito Privado xa non se ofertan na Facultade nos últimos cursos.

En canto ao perfil dos estudantes da Facultade de Dereito, tanto no Grao e Dobre Grao como nos mestrados, o 100% do alumnado ten unha nota media de acceso superior a 6. Por estudos,

O Dobre Grao exige unha nota de corte de 10,49, namentres que o Grao baixa ata o 9,26 fronte ao 9,60 do curso anterior. No caso dos mestrados, no curso 2015/2016 o Máster en Avogacía tivo unha nota media de acceso de 6,97 no Campus de Santiago de Compostela e de 6,86 no de Lugo, o que conduce a unha media glocal de 6,93. o Máster en Estudos Internacionais dun 7,44 (sobre 10) e o Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria dun 6,45 (sobre 10).




Gráfico: Perfil dos estudantes da Facultade de Dereito


Polo que respecta á procedencia do estudantado, a Facultade de Dereito capta maioritariamente alumnado nacional, supoñendo o alumnado estranxeiro o 1,68% do total, algo por enriba do curso anterior, onde a porcentaxe se situaba no 1,5% do total de estudantes matriculados . Por outra parte, dentro do alumnado nacional, os estudantes de fóra de Galicia supoñen o 1,85% da matrícula total, apreciándose de novo un lixeiro repunte á alza.

En canto á mobilidade do alumnado, a Facultade invertiu o fenómeno do curso anterior e incrementou o alumnado enviado no marco dos programas Sócrates- Erasmus, Séneca e SICUE (principalmente), con respecto ao alumnado estranxeiro que recibiu no curso 2015/2016. Nótase unha alza en comparación co ano anterior na mobilidade saínte, ao tempo que baixa a mobilidade entrante. Neste senso, sobre o total de alumnado da facultade, o alumnado recibido procedente de mobilidade supuxo un 5,96% e o enviado un 4,53%.

En canto ás prácticas realizadas polos estudantes ao longo do título, incrementa lixeiramente a porcentaxe de egresados que realizaron prácticas en empresas e institucións, pasando do 49,51% ao 51,13%. Hai que ter en conta que a nivel de centro computan todos os títulos ofertados e os Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria e o Máster en Estudos Internacionais non ofertan prácticas en empresas así que a porcentaxe débese ao Grao en Dereito e, especialmente, ao Máster en Avogacía onde as prácticas son obrigatorias.

Profesorado

En relación co perfil do profesorado que imparte os diferentes títulos sube a experiencia investigadora, malia que as xubilacións producidas afectan ao número de sexenios computados. No curso 2015/2016, o 89,17% do PDI total con docencia no título tiña sexenio, fronte ao 72,19% do curso 2014/2015. En canto ao profesorado doutor sobre o total, neste último curso representaba o 89,29%, o que o sitúa nun alto nivel de cualificación do cadro de persoal docente.



A porcentaxe que supón o profesorado funcionario sobre o total do PDI, mostra unha lixeira recuperación, situándose no 62,14%, fronte ao 60,36% do curso 2014/2015, aínda que lonxe da porcentaxe de partida de 71,43% no curso 2009/2010. A explicación desta redución débese ás restricións conxunturais que impiden a convocatoria de prazas e, polo tanto, a renovación do profesorado.

Resultados académicos

En xeral, os resultados previstos nas memorias de verificación para as taxas de graduación, eficiencia e abandono dos diferentes títulos impartidos na Facultade cúmprense no curso 2015/2016. Ademais, as taxas de rendemento, éxito e avaliación amosan uns resultados satisfactorios que van aumentando curso a curso.

Nos seguintes cadros e gráficas pódese ver a evolución dos diferentes resultados diferenciados para o grao e para os mestrados impartidos na Facultade.

I. Grao en Dereito

1. Taxa de rendemento

2. Taxa de éxito

3. Taxa de avaliación

4. Taxa de graduación


5. Taxa de abandono RD 1393

* Vid infra os resultados do primeiro curso no que se imparte o Dobre itinerario Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.

1. Taxa de rendemento

Código	IN34G-S01-PM-01
Nome	Taxa de rendemento
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe entre núm. de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)


	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
1º curso	60,35	59,13	52,96	57,63	54,75	52,96
2º curso	0,00	70,13	65,73	66,64	65,37	69,09
3º curso	0,00	0,00	78,58	78,94	76,34	76,56
4º curso	0,00	0,00	0,00	87,19	84,52	73,91
Sen asignación a curso	0,00	0,00	0,00	80,95	94,21	90,24
Total (%)	60,35	64,58	63,19	69,67	68,67	67,30



2. Taxa de éxito

Código	IN35G-S01-PM-01
Nome	Taxa de éxito
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe entre núm. de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)


	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
1º curso	78,83	78,31	72,82	76,15	74,03	73,33
2º curso	0,00	84,98	81,81	82,57	83,36	84,20
3º curso	0,00	0,00	86,16	87,03	86,01	88,68
4º curso	0,00	0,00	0,00	94,49	93,93	90,76
Sen asignación a curso	0,00	0,00	0,00	100,00	94,21	92,50
Total (%)	78,83	81,76	79,45	83,76	83,90	84,01



3. Taxa de avaliación

Código	IN36G-S01-PM-01
Nome	Taxa de avaliación
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe entre núm. de créditos ordinarios presentados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)


	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
1º curso	76,56	75,50	72,72	75,68	73,96	72,22
2º curso	0,00	82,53	80,35	80,71	78,42	82,05
3º curso	0,00	0,00	91,20	90,70	88,76	86,33
4º curso	0,00	0,00	0,00	92,28	89,98	81,44
Sen asignación a curso	0,00	0,00	0,00	80,95	100,00	97,56
Total (%)	76,56	78,98	79,53	83,17	81,85	80,11



4. Taxa de graduación

Código	IN37G-S01-PM-01
Nome	Taxa de graduación
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada


	2013-14	2014-15	2015-16
Total (%)	-	43,78	54,70



5. Taxa de abandono RD 1393

Código	IN41G-S01-PM-01
Nome	Taxa de abandono RD 1393
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior

	2013-14	2014-15	2015-16
Total (%)	-	21,69	17,68



No caso do Dobre itinerario de Dereito e Relacións Laborais e RRHH, os datos son os que seguen:

IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento (%)	85,48
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito (%)	92,17
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación (%)	92,74

IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación (%)	-
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393 (%)	-


II. Mestrados impartidos no centro

1. Taxa de rendemento
2. Taxa de éxito
3. Taxa de avaliación
4. Taxa de graduación
5. Taxa de abandono RD 1393

1. Taxa de rendemento

Código	IN34CM-S01-PM-01
Nome	Taxa de rendemento
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe entre núm. de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)


	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Máster Universitario en Avogacía [L]	-	-	100,00	99,45	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	-	-	99,43	95,35	98,59	99,54
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	91,04	81,78	94,50	85,44	89,09	-
Máster Universitario en Dereito Privado	74,55	84,76	0,00	35,00	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	77,45	79,72	76,92	77,82	81,79	74,64
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	83,67	84,53	20,51	88,41	50,00	79,59
Total	82,28	81,99	89,33	89,21	92,24	93,56



2. Taxa de éxito

Código	IN35CM-S01-PM-01
Nome	Taxa de éxito
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe entre núm. de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)


	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Máster Universitario en Avogacía [L]	-	-	100,00	100,00	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	-	-	100,00	99,60	99,86	99,69
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	99,47	99,43	98,10	98,32	100,00	-
Máster Universitario en Dereito Privado	99,19	99,44	-	100,00	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	98,10	97,46	98,15	96,27	98,64	97,76
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	100,00	99,56	100,00	100,00	100,00	100,00
Total	98,88	98,62	99,20	98,79	99,55	99,37



3. Taxa de avaliación

Código	IN36CM-S01-PM-01
Nome	Taxa de avaliación
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe entre núm. de créditos ordinarios presentados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)


	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Máster Universitario en Avogacía [L]	-	-	100,00	99,45	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	-	-	99,43	95,73	98,73	99,86
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	91,53	82,24	96,33	86,89	89,09	-
Máster Universitario en Dereito Privado	75,15	85,24	5,26	35,00	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	78,96	81,79	78,36	80,83	82,91	76,35
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	83,67	84,91	20,51	88,41	50,00	79,59
Total	83,21	83,14	89,23	90,30	92,66	94,16



4. Taxa de graduación

Código	IN37CM-S01-PM-01
Nome	Taxa de graduación
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada


	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Máster Universitario en Avogacía [L]	-	-	0,00	0,00	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	-	-	0,00	0,00	98,04	91,11
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	88,89	86,67	77,78	60,00	75,00	-
Máster Universitario en Dereito Privado	83,33	71,43	60,00	0,00	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	77,78	82,61	68,00	73,33	62,07	79,41
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	100,00	100,00	75,00	0,00	88,89	-
Total	85,19	82,98	69,64	70,00	84,16	86,08



5. Taxa de abandono RD 1393

Código	IN41CM-S01-PM-01
Nome	Taxa de abandono RD 1393
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior

	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Máster Universitario en Avogacía [L]	-	-	0,00	0,00	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	-	-	0,00	0,00	0,00	6,67
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	0,00	6,67	11,11	30,00	8,33	-
Máster Universitario en Dereito Privado	0,00	28,57	10,00	0,00	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	22,22	13,04	8,00	10,00	20,69	14,71
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	0,00	0,00	0,00	0,00	11,11	-
Total	7,41	12,77	7,14	6,59	7,92	10,13



Resultados das enquisas de satisfacción

No que respecta á satisfacción das diferentes enquisas realizadas dentro do Sistema de Garantía Interna de Calidade, os resultados son satisfactorios aínda que é preciso aumentar a participación para que sexan representativos, especialmente nos mestrados onde ao ser menos alumnado precísase unha maior taxa de resposta. Por isto, unha das accións de mellora a abordar durante o próximo curso continuará a ser a procura de fórmulas para aumentar esta participación nas enquisas de satisfacción, tanto no Grao como nos Mestrados.

En relación coa satisfacción coa docencia recibida, a evolución dende a súa implantación online é satisfactoria, incrementándose curso a curso como se pode observar na seguinte táboa:

Plan estudo	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016
Grao en Dereito	3,66	3,62	3,84	3,78	3,87
Máster Universitario en Estudos Internacionais	4,3	3,92	3,94	4,06	3,65
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	4,59	-	4,4	-	4,48
Máster Universitario en Avogacía (Santiago)	-	3,36	3,39	3,77	3,9
Máster Universitario en Avogacía (Lugo)	-	-	-	4,54	4,25

En canto á satisfacción coa docencia impartida, enquisa que cobre o PDI todos os anos, os resultados tamén son satisfactorios, se ben, como xa se apuntou, é preciso aumentar a participación do profesorado:

Centro	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016
Facultade de Dereito (Másteres)	-	3,8	3,8	4,01	3,93
Facultade de Dereito (Grao)	3,9	3,7	3,8	3,85	3,84

Cabe destacar que por primeira vez no curso 2014/2015, realizouse unha enquisa ao Persoal de Administración e Servizos que presta os seus servizos na Facultade de Dereito. Os resultados son moi satisfactorios pasando dun 4 a un 4,33 sobre 5 a satisfacción global co posto de traballo no pasado curso 2015/2016.

Xestión de incidencias

A xestión de incidencias aténdese a través de tres canles:

1. A Oficina de Análise de Reclamacións que ten encomendada a función de canalizar e dar resposta ás suxestións e queixas que faga o estudantado en relación ao funcionamento dos servizos docentes, administrativos e de apoio da USC. Así mesmo, compételle a tramitación e proposta de resolución dos recursos que teñen que ver cos procedementos de xestión académica tramitados nas distintas unidades administrativas da USC dos que se sinalan: validacións, adaptacións, anulacións de matrícula, admisións, simultaneidades, subvención de prezos, apoio titorial extraordinario, revisión de cualificacións e recoñecemento de estudos cursados en programas nacionais ou internacionais. De acordo co seu informe do curso 2015/2016, a Facultade de Dereito é un dos centros co maior número de recursos resoltos para o seu alumnado, acadando un total de 16. Destes, os números desagregados son os que seguen:
 - a. Doutoramento (admisión): 5
 - b. Grao en Dereito: 8 (4 desestimados, 3 estimados e 1 parcialmente estimado)

- i. Ampliación de matrícula: 1
- ii. Anulación de matrícula: 1
- iii. Recoñecemento de estudos: 5
- iv. Convocatorias esgotadas: 1
- c. Licenciatura en Dereito (imputación de materias): 1

O número de recursos resoltos no proceso PXA7 “Adaptacións, validacións e recoñecementos” foi de 5; o número de “Queixas e suxestións” de 22.

Con carácter xeral, o volume sobre o total de matriculados da facultade non é significativo.

2. O Valedor da Comunidade Universitaria presenta un informe anual ante o Claustro e que non se recibiron queixas relativas a esta facultade a través desta canle.
3. En canto aos procedementos iniciados no Decanato, no curso 2015/2016 rexistráronse 2 reclamacións plantexadas por alumnos relativas ás cualificacións obtidas nos exames. Nos 2 casos, as reclamacións non prosperaron.

Á vista destes e doutros indicadores facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, as titulacións ofertadas na Facultade de Dereito mostran, en comparativa cos globais da Universidade de Santiago de Compostela, bos resultados.

Malia a afirmación anterior, téñense detectado certas debilidades ou necesidades non cubertas axeitadamente. Neste senso, a Comisión de Docencia e Calidade ven de aprobar na súa reunión de 3 de marzo de 2017 unha serie de Accións de Mellora para o centro, recollidas agora no seguinte epígrafe. Salientamos a necesidade de mellorar a información pública dispoñible das titulacións ofertadas na Facultade, a través da modernización e actualización de páxina web propia tanto do Grao como dos Mestrados; a necesidade de continuar despregando o SGIC, xa mencionado nesta memoria; ou seguir traballando na liña de mellorar a participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción, entre outros obxectivos.

Estas e outras Accións de mellora recóllense polo miúdo a continuación, sendo un claro expoñente do compromiso do equipo de goberno do Centro coa Calidade.

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 26 de 44

6. Plan de Melloras do Centro


3.1. Plan de Melloras do curso 2015/2016

Polo que se refire ao Plan de Melloras contido na Memoria de Calidade do curso 2014/2015, con carácter xeral destácase o altísimo grao de cumprimento do proxecto establecido (para unha análise polo miúdo, vid a documentación recollida na web <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>, en concreto, os IS dos títulos, nos que se recollen as comprobacións das AAMM xunto co seu grao de execución e as debidas comprobacións).

Unha vez máis, cómpre reflexionar sobre o retraso na execución dalgunha Acción de Mellora. Neste senso, a AM 3 da Memoria de Calidade 2015/2016 estaba orientada a satisfacer a necesidade de desplegar o SGIC, recollendo como unha das tarefas “o diseño e implementación dun Plan estratéxico”. Tal e como se ten anunciado no apartado 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade, tal tarefa non puido ser executada pola concorrencia das circunstancias xa sinaladas. Este dato fixo que se reprogramase de novo e esté contemplada na AM 5 (tarefa 1) do Plan de Melloras do curso 2016/2017 (vid infra). O mesmo sucedeu con respecto ás AAMM 5 (Criterio 1. Organización e desenvolvemento) e 9 (Criterio 5. Recursos materiais e servizos), reprogramadas no actual Plan de melloras.

3.2. Plan de Melloras do curso 2016/2017

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación do Grao en Dereito
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Deficiencia detectada no proceso de renovación da acreditación.
Definición/ descrición proposta	Revisión polo profesorado das informacións recollidas nas guías docentes para garantir o cumprimento do disposto na Memoria verificada. AM de obrigado cumprimento na que se contemplan dúas tarefas, dacordo co disposto no Informe final de renovación da acreditación. A Comisión de Docencia e Calidade do Centro será a responsable de realizar o seguimento desta AM, aprobada pola propia Comisión na súa xuntanza de 23 de xuño de

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 27 de 44

	2016 (executándose dende entón como AM permanente).
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	José Luis Quintela Botana
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Revisión das guías docentes para especificar, en liña coa memoria verificada, os sistemas de avaliación e distribución horaria.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Ana M ^a Gude Fernández
Estado	Activa
Tarefa2	AM-1.2
Descrición tarefa	Comprobación e análise da información contida nas guías docentes e o seu axuste á Memoria verificada.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Ana M ^a Gude Fernández; José Luis Quintela Botana
Estado	Activa


 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 28 de 44

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación do Grao en Dereito
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Os mecanismos de coordinación existentes teñen mostrado algunha fraqueza posta de manifesto no Informe de renovación da acreditación.
Definición/ descrición proposta	Designación e nomeamento de coordinadores de curso pola Comisión de Docencia e Calidade do Centro, órgano encargado do seguimento desta AM aprobada en resposta ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación na súa xuntanza de 23 de xuño de 2016.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Sonia Esperanza Rodríguez Boente
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Nomeamento dun/dunha coordinador/a de curso, por semestres, para axustarse aos períodos de docencia establecidos.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Sonia Esperanza Rodríguez Boente
Estado	Activa
Tarefa2	AM-2.2
Descrición tarefa	Programación dun mínimo de dúas reunións de coordinación por curso, das cales se deriven informes a debater e analizar na Comisión de Docencia e Calidade da Facultade.
Data prevista de	29/12/2017

 FACULTADE DE DEREITO <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small>	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 29 de 44

finalización	
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación do Grao en Dereito
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Desaxuste destacado no Informe de renovación da acreditación.
Definición/ descrición proposta	Inclusión do axuste entre as prazas ofertadas e as contidas na memoria verificada, cando se realice unha modificación da memoria. A Comisión de Docencia e Calidade será, no seu caso, o órgano responsable do seguimento.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Gumersindo Guinarte Cabada
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Estudo da memoria verificada para iniciar o procedemento de modificación da mesma.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Ana M ^a Gude Fernández
Estado	Activa

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 30 de 44

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación do Grao en Dereito e Informes de seguimento de Graos e Másters
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Necesidade de mellora destacada no Informe final de renovación da acreditación, xa recollida tamén na Memoria de Calidade do Centro 2014/2015 e no Informe de renovación da acreditación de 2016.
Definición/ descrición proposta	Necesidade de continuar coa difusión da cultura de calidade e participación dos grupos de interese no centro. A Comisión de Docencia e Calidade será o órgano responsable do seguimento.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Otero Crespo
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Aumentar o grao de participación nas enquisas de avaliación.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo / Lotario Vilaboy Lois/ Rafael García Pérez/ José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa
Sub Tarefa1	AM-4.1.A
Descrición Sub tarefa	Continuar analizando as datas máis axeitadas para realizar as enquisas e a súa difusión así como analizar a evolución na participación.
Data prevista de finalización	27/12/2017

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 31 de 44

Persoa responsable	Marta Otero Crespo / Lotario Vilaboy Lois/ Rafael García Pérez/ José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa
Sub Tarefa2	AM-4.1.B
Descrición Sub tarefa	Facilitar medios e tempo ao alumnado para fomentar a participación a participación en enquisas de satisfacción.
Data prevista de finalización	27/12/2017
Persoa responsable	Marta Otero Crespo / Lotario Vilaboy Lois/ Rafael García Pérez/ José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa
Sub Tarefa3	AM-4.1.C
Descrición Sub tarefa	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade de participar en enquisas de satisfacción para o correcto funcionamento do SGIC.
Data prevista de finalización	27/12/2017
Persoa responsable	Marta Otero Crespo / Lotario Vilaboy Lois/ Rafael García Pérez/ José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa
Sub Tarefa4	AM-4.1.D
Descrición Sub tarefa	Difusión dos períodos de enquisas e fomento da participación a través de diferentes canles (páxina web do centro, Facebook, etc).
Data prevista de finalización	27/12/2017
Persoa responsable	Marta Otero Crespo / Lotario Vilaboy Lois/ Rafael García Pérez/ José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 32 de 44

Tarefa2	AM-4.2
Descrición tarefa	Valoración dun sistema de enquisas presenciais, se existe financiación para un bolsreiro adicado/a a estas labores, que colabore tanto no Grao como nos Másters impartidos na Facultade
Data prevista de finalización	27/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo / Lotario Vilaboy Lois/ Rafael García Pérez/ José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-5 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación do Grao en Dereito
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Recomendación recollida no Informe final de renovación da acreditación, xa tamén recollida como AM no Informe de renovación da acreditación de 2016 e na Memoria de Calidade do Centro 2014/2015.
Definición/ descrición proposta	Continuar coa axeitada implantación do SGIC, continuando na liña de compromiso coa Calidade do centro. A responsabilidade desta AM recae sobre a Vicedecana de Calidade e Infraestruturas e a Comisión de Docencia e Calidade do Centro.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Otero Crespo
Tarefa1	AM-5.1
Descrición tarefa	Deseño e implementación dun Plan estratéxico para a Facultade

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 33 de 44

Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa
Sub Tarefa1	AM-5.1.A
Descrición Sub tarefa	Reunión constitutiva do Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, grupo integrado por membros da Comisión de Docencia e Calidade do Centro.
Data prevista de finalización	02/02/2017
Persoa responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa
Tarefa2	AM-5.2
Descrición tarefa	Elaboración da Memoria de Calidade do Centro.
Data prevista de finalización	31/03/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa
Tarefa3	AM-5.3
Descrición tarefa	Concorrer a convocatoria de accións de mellora (financiadas pola Área de Calidade).
Data prevista de finalización	31/05/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa

 FACULTADE DE DEREITO <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small>	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 34 de 44


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-6 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación do Grao en Dereito
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Recomendación para a mellora recollida no Informe Final de Renovación da Acreditación e que pon sobre a mesa a necesidade de conectar co contorno e os grupos de interese externos.
Definición/ descrición proposta	Manter o contacto cos empregadores e recoller de xeito sistemático opinións e datos de empregabilidade dos egresados.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Otero Crespo
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Creación dun Comité Consultivo integrado por representantes de grupos de interese.
Data prevista de finalización	30/09/2016
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa
Tarefa2	AM-6.2
Descrición tarefa	Reunión do Comité Consultivo para recoller datos e opinións.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Marta Otero Crespo

 FACULTADE DE DEREITO <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small>	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 35 de 44

Estado	Activa
Tarefa3	AM-6.3
Descrición tarefa	Consulta ao Comité consultivo sobre as Accións de Mellora a levar a cabo no curso 2016/2017 (relacionadas co seu ámbito de actuación).
Data prevista de finalización	27/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa
Tarefa3	AM-6.4
Descrición tarefa	Participación de Membros do Comité consultivo en actividades formativas para o alumnado que permitan manter e mellorar a comunciación entre alumnos, egresados e empleadores (seminarios, cursos, etc)
Data prevista de finalización	27/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 36 de 44

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-7 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación do Grao en Dereito
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Recomendación de mellora posta de manifesto no Informe final de renovación da acreditación.
Definición/ descrición proposta	Realizar un estudo sobre a ordenación temporal de certas materias debido ao número de queixas informais de alumnos e profesores.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Gumersindo Guinarte Cabada
Tarefa1	AM-7.1
Descrición tarefa	Reunión co PDI con docencia na Facultade.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Ana M ^a Gude Fernández
Estado	Activa
Tarefa2	AM-7.2
Descrición tarefa	Reunión cos representantes de alumnos.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Ana M ^a Gude Fernández
Estado	Activa

 FACULTADE DE DEREITO <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small>	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 37 de 44

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-8 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Necesidade de seguir ofrecendo e mellorar a información sobre o Grao en Dereito (e dobre itinerario con Relacións Laborais) así como a información dispoñible dos Másters impartidos na Facultade
Definición/ descrición proposta	Actualización da páxina web do Centro e das redes sociais da Facultade.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Otero Crespo
Tarefa1	AM-8.1
Descrición tarefa	Actualizar a páxina web do Centro coas informacións máis relevantes e remodelar/ lanzar as webs dos Másteres (sempre que exista financiación)
Data prevista de finalización	30/11/2017
Responsable	Marta Otero Crespo/ Lotario Vilaboy Lois/ Rafael García Pérez/ José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa
Tarefa2	AM-8.2
Descrición tarefa	Actualizar o Facebook e Twitter da Facultade, como canles rápidas de comunicación cos grupos de interese.

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Página 38 de 44

Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 39 de 44


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-9 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora do Grao en Dereito / Máster impartidos na Facultade
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Necesidade de seguir captando alumnos cun perfil de ingreso axeitado á titulación.
Definición/ descripción proposta	Participar en presentacións dos estudos de Grao en Dereito en institucións alleas á Universidade (no caso de ser invitados a participar en xornadas de orientación en colexios e institutos), así como no programa A Ponte, xestionado pola USC.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Ana M ^a Gude Fernández

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 40 de 44

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-10 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de aumentar ou manter as accións formativas destinadas ao alumnado do Grao e dos Másters
Definición/ descrición proposta	Manter a oferta formativa tanto para o alumnado que accede ao centro como para os egresados, para que continúen coa súa formación unha vez rematados os estudos de Grao.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Otero Crespo
Tarefa1	AM-10.1
Descrición tarefa	Apoiar a organización de cursos, congresos e seminarios programados por PDI do Centro, facilitando as instalacións axeitadas.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa
Tarefa2	AM-10.2
Descrición tarefa	Sesións informativas sobre acceso a recursos informáticos, bases de datos, sistema de préstamo bibliotecario, elaboración de TFG/ TFM, etc.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 41 de 44

Estado	Activa
Tarefa3	AM-10.3
Descrición tarefa	Xornadas sobre empregabilidade no eido xurídico (II Xornadas sobre saídas laborais para graduados en Dereito).
Data prevista de finalización	03/04/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Activa

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 42 de 44

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-11 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora do Grao en Dereito
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	Necesidade de aumentar a internacionalización / participación en programas de mobilidade.
Definición/ descrición proposta	Para fomentar a participación nos programas de mobilidade, intentarase captar fondos para a celebración dun curso de inglés xurídico (de grande éxito no ano 2016).
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Otero Crespo

 FACULTADE DE DEREITO	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 6 marzo 2017
	FORMATO	Páxina 43 de 44

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-12 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de mellorar as instalacións nas aulas de docencia.
Definición/ descrición proposta	Instalar ordenadores fixos nas aulas sempre e cando se consiga financiación para levar a cabo a AM no ano natural de 2017.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 02/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Otero Crespo

7. Anexo: Informes de seguimento

Dispoñibles na páxina web do Centro no enlace seguinte:
<http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>